



Anuncio polo que se dá publicidade á formalización do contrato correspondente ao expediente A. 03/13

En cumprimento do disposto polo art. 154.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP), mediante o presente faise pública a formalización do seguinte contrato:

1. Entidade adxudicataria:

- a. Organismo: Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.
- b. Órgano de contratación: Presidencia.
- c. Aprobación do expediente: 24 de xaneiro de 2013.
- d. Número de expediente: A. 03/13.
- e. Dependencia que tramita o expediente: Secretaría

2. Obxecto do contrato:

- a. Tipo de contrato: servizos.
- b. Descrición: servizos de prevención de riscos laborais alleo (integral, áreas técnica e sanitaria) para o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña.
- c. Cualificación: contrato de servizos (art. 10 TRLCSP); Codificación CPV: 85000000-0; Categoría: 25 (Anexo II TRLCSP).
- d. Prazo do contrato: catro anos.
- e. Posibilidade de prórroga: non.

3. Tramitación, procedemento, criterios de negociación:

- a. Tramitación: ordinaria
- b. Procedemento: negociado.
- c. Publicidade: Non, xustificado en que o valor estimado do contrato, con previsión da prórroga incluída é inferior ao límite establecido polo art. 177.2 TRLCSP.
- d. Criterios de negociación: menor prezo sobre o de licitación e melloras do servizo sobre as establecidas no Prego das prescricións técnicas.

4. Presuposto de licitación:

- a. Anual 730,00€ (setecentos trinta euros), máis o IVE na área correspondente, distribuídos en: Área técnica, 480,00€/ano e Área Sanitaria, 250,00€/ano (50,00€ empregado público).
- b. Revisión de prezos: Para o 3º e 4º anos (igual en ambos), caso de prórroga, en función do IPC do 2º ano, (en máis ou en menos).

5. Importe da adxudicación:

- a. Anual de 525,64€ (cincocentos vinte e cinco euros con sesenta e catro céntimos), máis o IVE na área correspondente, distribuídos en: Área técnica, 313,34€/ano e Área Sanitaria, 212,30€/ano (42,46€ empregado público).

6. Adxudicación do contrato, notificación e publicación no perfil:

- a. Data da adxudicación: 06 de marzo de 2013.
- b. Adxudicatario: MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.U. (CIF: B700055504)
- c. Notificación da adxudicación: 13 de marzo de 2013.
- d. Inserción da adxudicación no perfil do contratante: 13 de marzo de 2013.

7. Formalización do contrato:

- a. Data de formalización do contrato: 02 de abril de 2013.
- b. Contratista: MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.U. (CIF: B700055504).
- c. Data de inicio do contrato: máximo 18 de abril de 2013.

Carballo, 02 de abril de 2013.-

O presidente: D. Santiago Villanueva Álvarez

